**ETERNAMENTE AGRADECIDO.**

**Estas dúas palabras son as que mellor explican o que sinto nestes momentos, por iso quero comezar dicindo: MIL GRACIAS.**

**Foron seis temporadas a nivel profesional e desde o primeiro día, sentín que o Burela era especial, e que supera calquera expectativa. Estando dentro, un entende de verdade iso de que o Burela non é un club de fútbol sala, é unha maneira de vivir.**

**O que vivín aquí é moi difícil de expresar, só me saen palabras de agradecemento.**

**Gracias a todos os que confiastes en min, espero que non vos defraudara.**

**Gracias a todos os compañeiros cos que compartín vestiario. Durante esta etapa, aprendín de cada un de vós, foi un placer.**

**Gracias á familia e amigos, por sufrir e disfrutar comigo, sen vosoutros non podería ofrecer o mellor de min.**

**E, sobre todo, moitas gracias ó club e á afición!! Gracias polo voso cariño, polo voso respeto, polo voso alento, desde o momento en que cheguei, ata o día en que me vou.**

**Hoxe acepto outro desafío. As despedidas sempre son tristes, pero, de verdade, síntome orgulloso, agradecido e feliz de ser un pataqueiro máis e de vivir estes grandes anos con vosoutros. Para min, inolvidables.**

**Levarei sempre con orgullo o pertencer ó Burela F.S., equipo no que sempre soñei xogar desde que era un neno. Só espero que estivera á altura.**

**O BURELA SEMPRE ESTARÁ NO MEU CORAZÓN… ATA PRONTO!**

**Iago Míguez Expósito**